

DIRECCIÓN ÁREA DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE

No área de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, requírese con frecuencia a contratación de empresas para levar a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:

Tipo de obras a executar:

- Derrubas totais de edificacións ou de elementos específicos, tales como cubertas ou peches.
- Retirada de terras ou residuos.
- Tapiado de ocos.
- Retirada de elementos con perigo de caída de edificacións ou construcións.
- Apuntalamentos
- Establecemento de medidas de seguridade e outras similares

Tipo de servizos:

- Direccións de obra .
- Direccións de execución de obra.
- Elaboración de proxectos e memorias.
- Estudos de seguridade e saúde
- Coordinación de seguridade e saúde.

Coa finalidade de establecer unha carteira de empresas e profesionais con habilitación e capacidade suficiente para a súa contratación, propónse abrir un procedemento que posibilite a través da páxina WEB municipal que, durante un período dun **mes**, aquelas empresas con capacidade e habilitación suficiente que desexen contratar co concello de Santiago de Compostela, manifesten formalmente tal vontade achegando, os documentos acreditativos da súa capacidade de conformidade coa normativa aplicable á contratación pública, ao Rexistro Municipal dirixidos á Dirección de Área de desenvolvemento urbano e sostible.

Elaborada a lista, por orde temporal de inscrición, convidarase nos sucesivos procedementos a tres empresas cada vez, de xeito sucesivo ate rematar a lista, iniciándose de novo.

ATENCIÓN AO CIDADÁN

Rematado o prazo de inscrición farase pública no mes seguinte, a relación definitiva coa súa orde unha vez comprobada a capacidade e habilitación no perfil do contratante da páxina web municipal.

A lista revisarase anualmente.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017
O Director do Área Técnica do D.U.S.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a vertical line on the left, a horizontal line crossing it, and a large, stylized loop on the right.

Asdo.: Ignacio Cerrada Gonzalo